

ESTRUTURA ESTATÍSTICO 2009

- ? **Capítulo 1: Territorio, clima, demografía e tránsito:** reflicte a tendencia dos últimos anos cara un leve aumento da poboación, que en 2008 se situou en 95.325 persoas fronte as 94.186 de 2007. Destaca o aumento da poboación maior de 65 anos, en 688 persoas, e o incremento da poboación estranxeira en 572 persoas.
- ? **Capítulo 2: Eleccións:** recolle datos das eleccións de 2008 ao Congreso dos Deputados en Santiago e comarca.
- ? **Capítulo 3: Emprego e servizos relacionados:** o número de persoas desempregadas en 2008 aumentou na comarca de Santiago en case mil persoas, chegando a 8.178 demandas de emprego. A pesares destes datos, se os demandantes de emprego composteláns supoñían o 63,83% do total da comarca en 2007, a porcentaxe diminuíu en 2008 ata o 61,83%. Sobre o número de afiliados á Seguridade Social en Santiago, nas dez actividades económicas con máis persoas empregadas, hai rexistrados 53.361 en 2007 e 53.771 en 2008.
- ? **Capítulo 4: Educación:** houbo un leve descenso no alumnado de educación obrigatoria a excepción de secundaria. Tamén aumentou a matrícula en Bacharelato e Formación Profesional. A universidade continúa cun descenso no alumnado matriculado pero aumentaron os/as titulados/as e a oferta de posgraos.
- ? **Capítulo 5: Servizos sociais, saúde, seguridade e medio ambiente:** destaca a tendencia dos últimos anos cara a suba na recollida selectiva así coma nas zonas verdes coas que conta o Concello de Santiago, superando por vez primeira os dous millóns de metros cadrados.
- ? **Capítulo 6: Vivenda, solo e recursos relacionados:** recolle a evolución na execución do PXOM, a actividade dos servizos municipais pertencentes a Urbanismo e o IBI no concello e a comarca.
- ? **Capítulo 7: Actividade social e cultural:** recolle datos das diferentes representacións, concertos, festivais, ciclos, exposicións ou congresos que tiveron lugar en Santiago en 2008, así como o aumento de espectadores/7as fronte a 2007. Tamén recopila informacións sobre os 125.141 peregrinos/as que viñeron en 2008 a Santiago, como idade, ocupación, medio empregado, ruta escollida, procedencia, etc.
- ? **Capítulo 8: Servizos de transporte:** reflicte un descenso no padrón de vehículos e na matriculación.
- ? **Capítulo 9: Consumo e prezos:** a pesares do aumento dos abonos na rede de abastecemento de auga, o consumo anual descendeu. Incrementouse tamén a clientela de gas natural e teléfono. Os produtos comercializados en Mercagalia aumentaron un 24,58% con respecto a 2007. O IPC cambiou en 2008 a súa tendencia alcista habitual.
- ? **Capítulo 10: Actividades económicas:** aparecen reflectidos os ingresos e gastos municipais, así como as contas e características do persoal das diferentes empresas municipais e outros organismos como o Consorcio, a Cámara de Comercio ou a USC. Recolle o número de licenzas do IAE en Santiago e na comarca. Dicar tamén que as consultas na Oficina Municipal de Turismo aumentaron en 14.059 en 2008 ata acadar as 264.193. A porcentaxe de persoas estranxeiras que acudiron a informarse a Turismo de Santiago aumentou un 47%.
- ? **Capítulo 11: Servizos de Promoción Económica:** destacan os datos do Servizo de Intermediación Laboral. O aplicativo informático deste servizo, denominado Plataforma de Intermediación laboral tiña introducidos, ao rematar o ano 2008, datos de 1.959 persoas demandantes de emprego ou que buscan mellorar as súas expectativas de inserción laboral. 904 expedientes incorporáronse o ano pasado, case o triple que os 312 introducidos en 2007. O Estatístico tamén destaca as 1.805 ofertas de emprego publicadas no *Boletín* que se envía, todos os días, ás persoas usuarias dos servizos de emprego da Oficina de Promoción Económica. Recolle, ademais a evolución dos proxectos experimentais de emprego Crear IV e Crear V e do Obradoiro de Emprego Compostela Natural. Tres programas a través dos que accederon ao mercado laboral máis de 200 persoas. Tamén se recollen datos da actividade na área de comercio e datos sobre a oferta formativa da Concellaría. En 2008 realizáronse case 40 cursos, nos que participaron máis de 600 persoas.